



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal da persoa que cubrirá a 2ª quenda do cadro de persoal para o **“PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022 DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUIDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)”** durante un prazo máximo de 90 días naturais, composto por:

- 1 peón ordinario durante un máximo de 90 días naturais.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes listaxes de admitidos e excluídos no proceso das persoas que cubrirán a 2ª quenda do cadro de persoal para o **“PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2022 DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUIDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)”**:

a) Listaxe de admitidos no proceso de selección para a contratación dun peón ordinario durante un máximo de 90 días naturais:





Concello de Oza-Cesuras

APELIDOS E NOME DNI	
GARCÍA LÓPEZ, JOSE MANUEL	***4272**
REGUEIRO NOVO, JOSÉ FRANCISCO	***1155**

SEGUNDO: Establecer a composición do tribunal:

Presidente: Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-Interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario en quen delegue.

Vogais:

- Silvia Sánchez Campos, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- Jose Varela Lata, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplente:

María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

TERCEIRO: O tribunal seleccionador deberá constituirse o día 10 de maio de 2022, ás 10:00 horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorarán o ter acadado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, a experiencia laboral e posuir carnet de conducir, dos méritos acreditados polos solicitantes.

Igualmente se comunica que ás 12:00 horas do mesmo día se levará a cabo a proba oral ou práctica na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no mesmo, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

